Parroquias de Gaibor, Damil, Felmil, Saavedra e Illán, nos antigos locais escola, fóra do horario de programación de actividades.

Parroquias de Cerdeiras, Castro, Viris. San Vicente de Pena e Donalbai, nos antigos locais escola fóra do horario de programación de actividades.

CONCELLO DE COSPEITO

Lugares Públicos:

En Feira do Monte: Campo da Iglesia.

En Muimenta: Campo da Feira.

Locais Oficiais:

En Feira do Monte: Salón de Actos da Casa da Cultura.

En Muimenta: Salón de Actos do Centro Cultural “Manuel Gesto Varela”.

CONCELLO DE GUITIRIZ

Escola de Pardiñas, Villares, Labrada, Maríz, Buríz, Pígara, Santa Locaia, Sambreixo, Becín e Santa Mariña, estarán dispoñibles durante todos os días a calquera hora.

Pista Polideportiva cuberta en Parga, dispoñible fóra do horario lectivo.

Biblioteca Casa Cultura en Guitiriz, dispoñible todos os días previa solicitude ao Concello.

Escola Habanera, dispoñible en horas e días que se soliciten previamente no Concello.

Praza Campo da Feira en Guitiriz.

CONCELLO DE MURAS

Colexio de Muras, Rúa da Margarida, todos os días a partires das 18,00 horas ata as 21.00 horas.

CONCELLO DE VILALBA

Salón de Actos da Biblioteca municipal durante todo o día.

CONCELLO DE XERMADE

Sala da Biblioteca Pública Municipal, todos os días en horario de 18 a 23 horas.

E para que conste en cumprimento do ordenado expido a presente para a súa remisión a Xunta Electoral Provincial e ao BOP para a súa publicación.

En Vilalba, a 5 de Xaneiro de 2024.- A Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vilalba, D^a ANA MARÍA FREIRE PÉREZ.

R. 0056

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 08/12/2023 aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de Operario de Servizos Múltiples, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de 6 meses, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos ano 2023, no que se contempla o Programa de Reforzo do Emprego.

Segundo o disposto na base sexta (6^a), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 09:00 / 14:30 horas-, durante o prazo de cinco (5) días naturais, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Bóveda, 8 de decembro do 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0039

Anuncio

BASES CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN, REHABILITACIÓN, AMPLIACIÓN, NOVA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS OU ELIMINACIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.

PRIMEIRA. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

É obxecto destas bases a regulación das axudas económicas establecidas polo Concello para o fomento da conservación, rehabilitación, ampliación de edificacións existentes e promoción da construción de obra nova para usos residenciais nas modalidades de vivenda unifamiliar, vivenda de aluguer e vivenda turística. Tamén constitúe o obxecto desta axuda a eliminación de impactos paisaxísticos non acordos co ambiente, inda que estes non se materialicen en edificios de uso residencial; sempre no termo municipal de Bóveda, co obxectivo final da mellora ambiental e do patrimonio inmobiliario, contribución á reactivación económica do Concello e fixación da poboación.

Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións e na demais normativa que resulte de aplicación.

A presente convocatoria se efectúa de conformidade co establecido na Ordenanza Municipal reguladora de concesión de subvencións para obras de conservación, rehabilitación, ampliación, nova construción de vivendas ou eliminación de impactos paisaxísticos, no termo municipal de Bóveda, aprobada con acordo do Pleno da Corporación de data 28 de maio de 2022 e publicada definitivamente no BOP de Lugo núm.: 128, do 6 de xullo de 2022.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles habitados ou deshabitados, como as obras de ampliación e nova construción, destinadas a uso residencial na modalidade de vivenda unifamiliar. Tamén poderán ser obxecto de axuda, a eliminación de alteracións da paisaxe e do entorno urbano producidos en elementos arquitectónicos de uso non residencial como alpendres, muros de peche, palleiras, fontes, lavadoiros, naves agrícolas, etc

As axudas aplicaranse ás actuacións enumeradas no parágrafo anterior que sexan acordos coa normativa urbanística vixente e valoradas favorablemente por esta Administración Pública, tras o procedemento instruído para os efectos oportunos.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO DAS AXUDAS

As axudas concederanse con cargo á aplicación 151- 480 do Orzamento Municipal aprobado para cada exercicio económico, na contía establecida de 20.000,00 € + 20.000,00 €, e sen prexuízo no seu caso da posterior modificación orzamentaria que se considere procedente, con efectos retroactivos do 01/01/2021, tendo prioridade as licenzas/comunicacións previas concedidas no 2021 e 2022. As restantes anualidades estarán suxeitas á dispoñibilidade de consignación orzamentaria.

CUARTA. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas que leven a cabo a conservación, rehabilitación, ampliación ou construción dunha vivenda, así como as persoas físicas que leven a cabo obras de eliminación de impactos paisaxísticos e que cumpran as condicións esixidas nestas bases.

Os beneficiarios das subvencións deberán cumprir as seguintes condicións :

- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.
- Ostentar a propiedade/copropiedade e título habilitante municipal da vivenda obxecto de rehabilitación, conservación, ampliación ou construción.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmovible e xustificar documentalmente a alta da vivenda no Catastro correspondente (no caso de tratarse dunha alta nova).
- Executar as actuacións subvencionables nun prazo non superior aos 4 anos dende a data de concesión de licenza ou toma de razón da comunicación previa.

QUINTA. CONTÍA DAS AXUDAS

Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento (2%) do importe do orzamento de execución material (PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención do título habilitante de natureza urbanística (licenza ou comunicación previa) de conformidade cos seguintes criterios:

- Obras sometidas ó réxime de licenza municipal de obras
- Durante os dous primeiros anos dende a data de concesión de licenza o importe da subvención acadará o 100 % do importe da axuda
- A axuda minorarase nun 10% durante o 3ª ano.
- A axuda minorarase nun 20% durante o 4º ano.
- O feito de non rematar a obra neste período implica a perda da totalidade da axuda.
- Obras sometidas ó réxime de comunicación prévia
- Durante os seis primeiros meses dende a data da toma de razón o importe da subvención acadará o 100 % do importe da axuda.
- O feito de non rematar a obra neste período implica a perda da totalidade da axuda, porque tamén perde a vixencia a viabilidade urbanística.

SEXTA. PROCEDEMENTO DO OUTORGAMENTO

• Presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 30 de xuño de 2024.

A presente convocatoria publicarase tamén na páxina web do Concello e no taboleiro municipal de anuncios.

• Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes irán dirixidas ao Sr Alcalde- Presidente do Concello de Bóveda e poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme ao modelo que figura na convocatoria.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI /NIE do solicitante
- Licenza municipal ou Título habilitante das obras
- Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social
- A demais documentación esixida na convocatoria das axudas (fotografías de interiores e exteriores sobre o estado actual do inmovible ou ben)

• Resolución

En canto ao réxime do procedemento estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e disposicións contidas na lexislación da Administración Local.

As solicitudes de axuda resolveranse por orde cronolóxico de solicitude. No caso de esgotarse os créditos da partida antes da finalización do prazo de presentación, publicarase na mesma páxina web e taboleiro de anuncios a finalización do mesmo.

• Comisión de Valoración

Por parte da Alcaldía, e de conformidade co que se establece no artigo 6º da ordenanza reguladora das axudas, nomearase a Comisión de Valoración que informará as solicitudes presentadas, correspondendo a resolución de outorgamento da subvención á propia Alcaldía.

Dita Comisión de Valoración estará integrada en todo caso polo sr. Alcalde ou concelleiro-delegado, que será o presidente, e polo técnico municipal competente.

As funcións de secretaría da devandita Comisión de Valoración serán competencia da Secretaría-Intervención ou persoal en quen delegue. A Comisión de Valoración analizará as solicitudes presentadas e elevará informe vinculante ao órgano competente que adoptará a resolución pertinente.

A comisión axustará o seu funcionamento ao establecido nos órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA. RÉXIME DE COMPATIBILIDADE DE SUBVENCÍONS

As axudas reguladas nestas bases serán compatibles coa percepción de calquera outra subvención para o mesmo fin, procedentes doutras Administracións Públicas, sempre que de xeito illado ou conxuntamente non se supere o límite legal establecido Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

OITAVA. PERCEPCIÓN DA SUBVENCÍONS

A subvención percibirase unha vez finalizadas as obras, comprobado polos servizos técnicos municipais a consecución dos obxectivos solicitados e a mellora ambiental que supoñen, así como tamén a comprobación da corrección da documentación esixida para a percepción da axuda, consistente en xustificante da alta do inmovible no catastro inmobiliario, escritura de obra nova se procede .

NOVENA. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

O beneficiario das axudas virá obrigado a devolver ao Concello as cantidades percibidas no caso de incumprimento das obrigas previstas nestas bases, nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

ÉCIMA. NORMATIVA DE APLICACIÓN

No non establecido nestas bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA. CONDICIÓNS DAS OBRAS OBXECTO ESTA SUBVENCÍÓN

As obras subvencionadas deberán atoparse en cumprimento da normativa sectorial de aplicación, en canto a condicións urbanísticas, estéticas e ambientais, e as solucións construtivas ou de acabados propostas serán acordes co entorno e coa tradición construtiva.

Utilizaranse materiais e sistemas constructivos tradicionais onde a pedra, a madeira, o cal e a lousa xoguen un papel importante na definición das obras.

Considéranse actuacións subvencionables as encamiñadas ó fomento da conservación e rehabilitación, sendo as seguintes:

1. Actuacións encamiñadas á conservación da cimentación, estrutura e instalacións dos inmobles ou bens.
2. Actuacións encamiñadas á conservación de cubertas, fachadas e medianeiras, incluíndo procesos de desamiantado e de eliminación de azoteas e terrazas. Na conservación de medianeiras expostas ás inclemencias meterolóxicas, empregaranse sistemas tradicionais.
3. Actuacións encamiñadas á adecuación interior de vivendas para o cumprimento das condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente esixibles.
4. Actuacións encamiñadas á transformación de edificacións existentes tradicionais, tanto nas súas formas e elementos construtivos como nas súas orixes de actividade, en espazos para usos residenciais, e sempre atendendo á viabilidade urbanística do proceso.

Considéranse actuacións subvencionables encamiñadas ó fomento da ampliación de inmobles existentes e construción de obra nova as seguintes:

1. Proxectos que se integren no entorno e que se mimeticen con este mediante o uso de materiais tradicionais.
2. Proxectos que polas súas novedosas formas aporten valores engadidos ó entorno, sempre con estricta atención ó cumprimento da normativa urbanística de aplicación.

Considéranse actuacións subvencionables encamiñadas á eliminación de impactos paisaxísticos as seguintes:

1. Obras de adecentamento de peches de rúeiros tradicionais con mampostería en seco, incluso nalgún caso con cantos.
2. Obras de adecentamento de elementos que forman parte da paisaxe e da arquitectura popular como muiños, fontes, lavadoiros , palleiras, hórreos/cabozos, eiras, etc e todas aquelas pezas singulares que forman a paisaxe tradicional.
3. Obras de eliminación de fachadas de ladrillo ou bloque de formigón vistos.
4. Obras de eliminación de cubertas de pranchas metálicas ou de fibrocemento e substitución das mesmas por lousa.
5. En xeral, todas aquelas obras encamiñadas á conservación e mellora da paisaxe e do entorno.

Todo sen establecemento de límites para outras situacións non contempladas neste documento e que poidan ser encadrables dentro desta orde.

ANEXO I

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN REHABILITACIÓN, AMPLIACIÓN, NOVA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS OU ELIMINACIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS.

MODELO OFICIAL DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data nacemento	Idade	Teléfono
Domicilio	Localidade	Prov.	Código Postal

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Primeiro: Que coñezo as bases e solicito a concesión de subvencións para obras de conservación, rehabilitación, ampliación, nova construción de vivendas ou eliminación de impactos paisaxísticos.

Segundo: Que non me atopo incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da lei 9/2007, de xuño de subvencións de Galicia.

Terceiro: Que reúno os requisitos nomeados no punto 4 das bases que rexen a concesión de dita subvención.

Cuarto: Que (escoller situación):

1. NON solicitei nin me foi concedida ningunha outra subvención ou axuda doutras Administración Públicas, entidades publicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.
2. SI, teño axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma actuación subvencionable, segundo os seguintes datos:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Quinto: Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexto: Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da comunidade autónoma.

Sétimo: Que todos os datos da solicitude son certos.

Oitavo: Que aporto a seguinte documentación:

- Copia do DNI /NIE do solicitante
- Licenza municipal ou Título habilitante das obras
- Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social

- Fotografías anteriores e posteriores á realización das obras (no caso de que non figuren no expediente de obras relacionado)
- A demais documentación esixida na convocatoria das axudas, sendo necesario indicar na solicitude da subvención o número de expediente de licenza ou comunicación previa de obras

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo Concello de Bóveda, con sede en Avenida Alfonso XIII, núm.85, 27340 Bóveda Lugo, onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

En Bóveda, a ____ de _____ de 202 ____

A persoa solicitante,

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BÓVEDA

Bóveda, 8 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0040

Anuncio

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional relativo á modificación do **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA** do Concello de Bóveda (Lugo), cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Bóveda, 8 de xaneiro do 2023. O Alcalde, José Manuel Arias López.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO (RRI) DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA

ÍNDICE

CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE INGRESO

CAPÍTULO III. OBXECTIVOS DO PAI

CAPÍTULO IV. HORARIOS

CAPÍTULO V. MATRÍCULAS E BAIXAS

CAPÍTULO VI. NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

CAPÍTULO VII. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS/AS

CAPÍTULO VIII. NORMATIVA REFERENTE ÁS FAMILIAS

CAPÍTULO IX. NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA DO CENTRO

CAPÍTULO X. PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E FOMENTO DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS

CAPÍTULO XI. A LINGUA

CAPÍTULO XII. RÉXIME DE COBRAMENTO

CAPÍTULO XIII. LIBRO DE RECLAMACIÓN

CAPÍTULO XIV. SISTEMA DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO 23

CAPÍTULO XV. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- CAPÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. OBXECTO

As presentes Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Bóveda (en adiante, PAI).

Segundo o artigo 28 do *Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia*, os puntos de atención á infancia son aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados dos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio aos pais, titores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

O obxecto destes Puntos de Atención á Infancia é a prestación dunha atención asistencial en concellos que pola súa baixa poboación infantil ou outras circunstancias económico-sociais, necesitan prazas para a atención do colectivo de nenos/as entre o a 3 anos pero non precisan crear escolas infantís 0-3. Atendida a súa concepción como instrumento de desenvolvemento rural autorízanse, analizadas as condicións anteriores, en concellos con menos de 5.000 habitantes. En concellos con maior poboación a autorización estará vinculada á necesidade de novas prazas asistenciais e á súa complementariedade coas ofertadas polas escolas infantís 0-3.

Artigo 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento ao PAI do Concello de Bóveda, que se figura como establecemento diúrno e titularidade municipal, integrado dentro de Servizos Sociais e Asistenciais, de xeito

prioritario, a prestar unha atención de apoio aos pais, nais ou titores legais dos nenos e nenas de entre 3 meses e 3 anos.

Artigo 3. DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome do centro: PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE BÓVEDA

Enderezo: Rúa Rio Mao, Nº4 – C.P.: 27340

Teléfono: 982 42 60 06 (Extensión 19)

Correo electrónico: pai@concellodeboveda.com

TITULARIDADE

Entidade titular: Concello de Bóveda

Representante Legal: Sr. Alcalde do Concello

Nº de inscrición no RUEPPS: E-524-C-1

Permiso de inicio de actividades: 02- ABRIL- 2009

Tipo de xestión: Directa

Artigo 4. FUNCIÓN

O PAI cumpre unha dobre función asistencial e educativa, proporcionando aos seus usuarios unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica. A función educativa é complementaria coa da propia familia.

Este centro organizará o coidado dos/as nenos/as co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias mediante a súa garda e custodia, e cooperará estreitamente cos pais, nais, ou titores para contribuír á mellor integración entre centro e familias.

O PAI ten autorizada unha unidade mixta de **3 meses a 3 anos** e 20 prazas dispoñibles, reservándose en todo caso, un mínimo de 1 praza para os casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

- CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE INGRESO

Artigo 5. SOLICITUDE DE INGRESO

Poderán solicitar praza no PAI os nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso no centro so se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses.

No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal individual no que constará, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza/matriculación as Normas de Funcionamento do PAI. O centro facilitaralle, polos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación. Atenderase as solicitudes segundo o baremo establecido, e no caso en que a documentación sexa incorrecta ou insuficiente requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda.

As solicitudes facilitaranse no Concello de Bóveda e presentaranse no Rexistro de entrada do Concello, debendo achegar á solicitude a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

Documentación xustificativa da situación familiar:

- a. Libro de Familia onde apareza o/a neno/a a ingresar no PAI.
- b. Documento Nacional de Identidade ou pasaporte dos pais ou titores.
- c. Certificado de empadramento e convivencia expedido polo Concello.
- d. Copia da declaración de facenda dos ingresos de tódolos membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido por facenda. No caso de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerase a renda de quen exerza a patria potestade.

Documentación complementaria:

- a. Carné de vacinación actualizado.
- b. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento equivalente.
- c. Catro fotografías tamaño carné.
- d. Autorización por escrito das persoas que poden recoller ao neno/a.

e. Informe médico pediátrico no que conste que o/a neno/a non padece enfermidade infecto-contaxiosa, así mesmo, e se fose o caso, se o menor manifesta algún tipo de alerxia alimenticia (lactosa, glute, ect.) ou algún tipo de material, como pinturas, tecidos, etc.

Outros documentos, se procede, nos que conste incidencias familiares, económicas ou sociais que inflúan na admisión dos/as nenos/as:

1. Informe dos equipos de valoración e orientación dependentes do órgano competente na materia da Xunta de Galicia, da Administración do Estado ou das correspondentes comunidades autónomas sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración no caso de neno/as con discapacidades.
2. Informe dos servizos sociais do Concello.
3. Título de familia numerosa, se é o caso.
4. De darse unha situación de separación matrimonial (en proceso ou en sentenza) ou a disputa pola garda do/a menor, deberá documentarse no PAI o procedemento a seguir na entrega do/a neno/a, con indicación das persoas autorizadas que será ratificado por ambos pais por escrito, ou ben xudicialmente. De non existir este documento, o PAI procederá supoñendo total e indistinta responsabilidade de ambos pais ou responsables do/a menor.
5. Calquera outro de constancia de especial situación familiar ou económica da unidade familiar.

De carecer de acreditación documental das incidencias alegadas, poderase presentar informe dos servizos sociais do Concello.

No expediente persoal de cada neno/a, que terá carácter confidencial, de acordo á *Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, constarán os datos de filiación, sanitarios, enderezo, e teléfono de contacto, así como aquelas circunstancias persoais relevantes que o solicitante queira facer constar para unha mellor atención do menor.

Artigo 6. GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA

O Concello adoptou a medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para todos/as os/as fillos/as con independencia do número de orde que ocupen na descendencia familiar, prevista no artigo 29. Dous da Lei 18/2021 do 27 de decembro, de medias fiscais e administrativas de Galicia.

Polo tanto, tal e como se especifica na orde do 22 de xullo de 2022 no seu artigo 1, compensarase a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa das prazas ocupadas polo alumnado 0-3. Así mesmo, durante todo o período subvencionable a entidade entregarálle ás familias os xustificantes mensuais de pagamento no que constará o número de hora ao día de asistencia e o importe que lles correspondería aboar, coa lenda de prezo bonificado 100% pola Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano.

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estada no PAI, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

O PAI aplicará o réxime de prezos equivalentes ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería as súas actualizacións. Así mesmo, para a atención educativa establecerase o importe do prezo máximo que e vai aboar en función da renda e das circunstancias da unidade familiar, ao cal se deberán aplicar as reducións, descontos e exencións que se recollen en dito Decreto.

Para ter dereito ás axudas, os nenos e nenas deben ter a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

A non asistencia ao PAI durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos pais/nais, titores/as e representantes legais.

Para os efectos desta orde, considérase que as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo multiplicarase por dous.

Artigo 7. SOLICITUDES DE RESERVA DE PRAZA

1. O alumnado que fose admitido terá garantido o acceso ós novos cursos, sen necesidade dun proceso de admisión, debendo acreditar, en todo caso, o mantemento das condicións que deron lugar á súa admisión. Neste caso presentarán solicitude de praza (modelo que se facilitará no Concello de Bóveda e será presentado no Rexistro de entrada do mesmo), xustificantes da situación económica e calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar.

2. Contéplase a reserva de praza de nenos/as próximos a nacer con posterioridade ó prazo de presentación de instancias, sempre e cando o período de xestación acade un mínimo de 26 semanas entre o 16 e o 30 de abril de

cada ano. Será necesario presentar un informe xustificando dito período de xestación. Nestes casos, a escolarización deberá iniciarse con data límite do 1 de febreiro do ano seguinte ao nacemento, sendo preciso que a unidade de convivencia se atope empadroada no Concello de Bóveda.

Transitoriamente, en supostos debidamente xustificados de extrema necesidade, poderanse cubrir estas prazas, con data límite do 1 de febreiro, por usuarios/as inscritos na lista de espera ata que o menor con reserva de praza comece o curso escolar.

Artigo 8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. O procedemento e prazos de reserva de praza, solicitude e ingreso publicarase anualmente no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello, dándolle publicidade nun medio de comunicación local.
2. As solicitudes presentadas fóra de prazo serán tramitadas para a súa inclusión na lista de espera.
3. As solicitudes, unha vez rexistradas do Rexistro de entrada do Concello serán remitidas ao Departamento de Servizos Sociais e as oficinas do PAI.
4. Se a solicitude aportada non reunise tódolos requisitos establecidos, requirirase ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos perceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución, concedéndolle un prazo de 30 días naturais, a partir da data de finalización de presentación de solicitudes, ós efectos de facilitar a achega da declaración da renda do ano anterior.

Artigo 9. CRITERIOS PARA A ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS NO PAI

Con carácter xeral darase preferencia ás solicitudes pertencentes a unidades familiares con empadramento no Concello de Bóveda, e dentro de estas ás de maior antigüidade inscritas no padrón. Así mesmo, respectarase a orde de presentación das solicitudes, reservándose un mínimo dunha praza para casos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais.

Artigo 10. ADMISIÓN PREFERENTES

Serán considerados preferentes, seguindo a orde que se establece a continuación, os casos de:

1. Os que os Servizos Sociais municipais informen como preferentes pola súa situación familiar, social ou económica.
2. Os nenos/as integrantes de familias numerosas de conformidade coa normativa existente.
3. Os fillos/as dos empregados do PAI.
4. Os nenos/as que xa teñen un irmán con praza no PAI.

Artigo 11. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Recibida a instancia xunto coa documentación procederase polos servizos sociais do Concello á comprobación dos datos aportados, avaliando as solicitudes e propoñendo as admisións e exclusións que se consideren.

Artigo 12. RESOLUCIÓN

Os expedientes de solicitude de ingreso no PAI serán resoltos pola Alcaldía, ou no seu caso polo/a Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais previa proposta dos servizos sociais municipais.

Artigo 13. LISTA PROVISIONAL

Resoltos os expedientes, farase pública a relación provisional de admitidos, excluídos e pendentes en lista de espera.

Artigo 14. RECLAMACIÓNS

Os solicitantes que o desexen poderán efectuar nas oficinas do PAI as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas. As reclamacións deberán presentarse no prazo de 15 días a contar a partir do seguinte día á data de publicación da relación provisional.

Transcorrido o prazo sinalado sen que se presente reclamación ou no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións elaborárase unha lista definitiva.

- CAPITULO III. OBXECTIVOS DO PAI

Artigo 15. OBXECTIVOS DO PAI

Son obxectivos específicos deste centro:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos/as nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do/a neno/a. Coñecer o seu propio corpo e das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.

- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos/as nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e de grupo nas actitudes e actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitados destes.
- Facilitar a integración dos nenos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar o uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada de conflitos.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

CAPÍTULO IV. HORARIOS

Artigo 16. HORARIO DE APERTURA DO SERVIZO

O PAI permanece aberto de 8.00h a 16.00h de luns a venres, ambos inclusive (agás os sábados, domingos e festivos) durante oito horas e, xa sexa en xornada partida ou continuada, segundo a demanda, e de acordo coas dispoñibilidades de recursos humanos e orzamentarios do Concello e poderá ampliarse ou modificarse cando polas necesidades do servizo que precise.

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurarán no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 17. HORARIO DE PERMANENCIA DOS NENOS/AS NO PAI

- O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as no centro será con carácter xeral de oito horas.
- O horario de entrada-saída dos/as usuarios/as no centro débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia sempre que non leven consigo a alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificados e reiterados, a dirección adoptará as medias oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.
- Ao final da xornada os usuarios/as serán entregados ós seus pais, nais ou titores. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entregar ao neno/a a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.
- Debido a organización das rutinas é importante que os nenos/as non cheguen máis tarde das 10:30h., para non perderse ningunha actividade didáctica e para non interromper estas e o funcionamento interno do centro.

Artigo 18. SERVIZOS BÁSICOS QUE OFERTA O CENTRO

18.1. Atención Educativa

O PAI conta cun Proxecto educativo de Centro (PEC) propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

O centro atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

Facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade

Dito proxecto educativo recolle, de xeito explícito, o tratamento lingüístico do centro, a coeducación e a atención á diversidade mediante a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. Ademais ten en conta o carácter globalizado da intervención educativa, tanto en canto que un mesmo contido desenvolve obxectivos das distintas áreas da aprendizaxe e as necesidades educativas especiais dos nenos/as.

18.2. Servizo de Cociña

O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e o centros de atención á infancia define no seu artigo 26 b) “ Como servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as”.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola para alimentar aos seus fillos/as co compromiso a levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

18.3. O Punto de Atención á Infancia non presta servizos de comedor nin transporte.

Artigo 19. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Co obxectivo de facilitar a incorporación dos/as nenos/as ao centro e de acordo ao *Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, o centro establece unha serie de medidas:

1. Independentemente do momento de incorporación, efectuarase unha adaptación progresiva como mínimo durante a primeira semana, aumentando pouco a pouco os tempos de estancia no PAI e graduarse a incorporación en distintos días. Poderase aumentar ou diminuír este período en función das necesidades específicas de cada crianza.
2. O proceso de adaptación pódese alterar por mor de calquera circunstancia que as persoas educadoras xulguen necesario en función das características de cada neno/a.
3. Se o/a neno/a se ausentase do centro longos períodos de tempo, cumprirá aplicar de novo o período de adaptación.
4. No caso de que calquera dos anteditos aspectos non se cumpran na forma en que dispón este regulamento, non se admitirán os nenos no centro.

Artigo 20. ASISTENCIAS PUNTUAIS

En tanto existan prazas vacantes, pódese acceder, por motivos puntuais dos pais, nais ou titores ao PAI. Estas permanencias puntuais serán tamén obxecto do correspondente rexistro.

CAPÍTULO V. MATRÍCULAS E BAIXAS

Artigo 21. CONCESIÓN DO INGRESO E MATRICULACIÓN DO ALUMNADO

- A concesión do ingreso no PAI quedará sempre supeditada ó número de prazas vacantes.
- Os admitidos recibirán notificación por escrito da resolución e disporán dun prazo de 10 días para confirmar a praza.
- A matriculación realizarase do 16 ao 30 de abril, se ó longo de todo o ano quedasen prazas vacantes, procederase nese momento á formalización de matrícula no modelo oficial.
- Se finalizado o período de matriculación non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.
- As solicitudes que non acadaran praza no PAI pasarán á lista de espera. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde.

Artigo 22. FICHA PERSOAL E LIBRO DE REXISTRO

No momento do seu ingreso, abriráselles a cada neno/a unha ficha persoal na que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

O PAI contará cun libro de rexistro informatizado de usuarios que se manterá permanentemente actualizado e nel constan as altas, baixas e as súas causas.

Ademais a diario, manterase un rexistro de asistencia co fin de coñecer en todo momento que nenos/as están no centro. Anotarase a hora de entrada e saída dos usuarios, así como calquera outro apunte que a persoa encargada de cubri-lo puidera apreciar nese momento e que considere conveniente salientar.

Artigo 23. CAUSAS DE BAIXA

Causarase baixa no PAI por algunha das seguintes circunstancias:

1. Por incumprimento da idade regulamentariamente de permanencia no centro.
2. Solicitude dos pais, nais ou titores.

3. Por falsidade nos documentos ou datos aportados coa solicitude.
4. Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro segundo a valoración dos servizos sociais.
5. Por incumprimento reiterado das normas do PAI.

As baixas producidas ao longo do curso escolar por calquera dos motivos anteriormente sinalados cubriranse coas solicitudes que quedasen na lista de espera por rigorosa orde de chegada, agás os supostos de preferencia sinalados no artigo 10.

CAPÍTULO VI. NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

Artigo 24. RELACIÓN DE PERSOAL

De conformidade co establecido na normativa autonómica reguladora, o PAI contará co persoal especializado para a atención directa dos/as nenos/as, que disporá do asesoramento e apoio dos Servizos Sociais do Concello.

O PAI contará co seguinte persoal:

1. **Encargado/a da aula:** mestre en educación infantil ou equivalente, ou técnico superior en educación infantil ou equivalente.

Desempeñará, entre outras, as seguintes **funcións**:

- a. Coidar da orde, formación, seguridade, entretemento, alimentación e aseo persoal dos nenos/as, ademais de levar o diario e rexistro das entradas e saídas no PAI.
- b. Elaborar un proxecto educativo e organizativo do PAI, que defina obxectivos pedagóxicos, horario, calendario, usuarios, estrutura organizativa, persoal e as súas funcións (coa colaboración dos demais traballadores de servizos sociais) e unha memoria anual de actividades realizadas.
- c. Elaborar e documentar as actividades de xestión.
- d. Encargarase da execución dos acordos e demais directrices emanados dos responsables políticos do Concello, así como de informalos das incidencias que se poidan introducir neste servizo.
